



## PINTO E MARAGOTA

PROGRAMA MUNICIPAL POLA DIVERSIDADE SEXUAL

O **Concello de Pontevedra**, en colaboración con **Edicións Xerais de Galicia**, convoca a **I Edición do Premio Literario “Pinto e Maragota”** que ten como finalidade visibilizar e dignificar a diversidade sexual e de xénero, que se rexerá polas seguintes

### BASES

**1ª.** Poderá concorrer calquera autora ou autor, de calquera nacionalidade, maior de idade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial, establecida pola Real Academia Galega. As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

**2ª.** As obras presentadas deberán ter presente no seu argumento, como temática principal ou transversal, a diversidade sexual e de xénero: orientación sexual e/ou identidade de xénero.

O xénero literario das obras presentadas poderá ser **novela, teatro** ou **poesía, tanto para público infantil, xuvenil** como **adulto**.

No caso de optar por novela ou obra dramática para o público adulto, o texto deberá ter un extensión total mínima de 90.000 caracteres con espazos. No caso de poesía para público adulto, será un mínimo de 500 versos, de forma libre. Cada autor ou autora poderá presentar cantas obras quixer, en envíos separados.

**3ª.** Establécese un único premio de tres mil (3.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas e fará efectivo o Concello de Pontevedra.

**4ª.** A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S.A. Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta a exención prevista na base anterior.

**5ª.** As obras poderán presentarse por correo postal, enviando o proxecto en formato dixital (CD ou memoria USB) ao seguinte enderezo:

**Centro de Información á Muller Concello de Pontevedra (CIM)**  
**Praza José Martí**  
**36002 Pontevedra**

As persoas concorrentes que opten polo envío postal deberán indicar no exterior do sobre ou paquete:

“Para o I Premio Literario PINTO E MARAGOTA”.

Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, nun único sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Pinto e Maragota.

**6ª.** Pola situación de emerxencia provocada pola pandemia do COVID-19 habilítase, así mesmo, o **envío de orixinais vía online**, a través do formulario da web:

**<http://pintoemaragota.gal/premio>**

Para o envío online, cómpre ter en conta:

\*Formato aceptado dos documentos: PDF (peso máximo de 15 mb)

\*O PDF do proxecto debe estar nomeado co título da obra, sen ningún dato que identifique á persoa autora.

**7ª.** O prazo de presentación pecharase **o xoves 23 de ABRIL do 2020**. Nos envíos postais admitiranse os que foran expedidos ata a devandita data límite. Para a entrega online a data límite de entrega online é **o 23 de abril ás 23,59 h** (hora de España)

**8ª.** O xurado deliberante estará formado por catro persoas competentes na materia, tres designadas pola Concelleira de Igualdade e Benestar do Concello de Pontevedra, unha delas a proposta de Edicións Xerais de Galicia.



**9ª.** O xurado reunirse para discernir o premio –que non poderá ser dividido, pero si declarado deserto– antes do 28 de xuño do 2020. As súas decisións serán inapelables.

**10ª.** Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtiver outro premio, o autor ou autora débello comunicar inmediatamente ao Concello de Pontevedra, retirándoa do Premio *Pinto e Maragota*. En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ó premio *Pinto e Maragota* que lle puidese ser atribuído a esa obra por descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidese incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

**11ª.** Os orixinais non premiados non se devolverán e serán destruídos.

**12ª.** A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

